

PRESENTACIÓN MATERIA

MATERIA	BIOLOXÍA E XEOLOXÍA	CURSO	1º ESO
CURSO ACADÉMICO	2020/2021	PROFESOR	PABLO GRANDE ESTÉVEZ

APRENDIZAXES IMPRESCINDIBLES NON ADQUIRIDAS DO CURSO 2019-2020.

Descrición do contido	Estándares de aprendizaxe
-----------------------	---------------------------

NON

CONTIDOS E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE ASOCIADOS. BLOQUE 1

Descrición do contido	Estándares de aprendizaxe
O vocabulario científico na expresión oral e escrita	Identifica os termos máis frecuentes do vocabulario científico, e exprésase de xeito correcto tanto oralmente como por escrito
Metodoloxía científica: características básicas . Experimentación en bioloxía e xeoloxía: obtención, selección e interpretación de información de carácter científico a partir da selección e a recollida de mostras do medio natural ou doutras fontes	Procura, selecciona e interpreta a información de carácter científico a partir da utilización de diversas fontes Transmite a información seleccionada de xeito preciso, utilizando diversos soportes Utiliza a información de carácter científico para formar unha opinión propia e argumentar sobre problemas relacionados
Planificación e realización do traballo experimental, e interpretación dos seus resultados.	Coñece e respecta as normas de seguridade no laboratorio, e coida os instrumentos e o material empregado
Normas de seguridade no laboratorio, e coidado dos instrumentos e do material	Desenvolve con autonomía a planificación do traballo experimental, utilizando tanto instrumentos ópticos de recoñecemento como material básico de laboratorio, argumenta o proceso experimental seguido, describe as súas observacións e interpreta os seus resultados

CONTIDOS E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE ASOCIADOS. BLOQUE 2

Descrición do contido	Estándares de aprendizaxe
Principais modelos sobre a orixe do Universo.	Identifica as ideas principais sobre a orixe do universo
Compoñentes do Universo. Características do Sistema Solar e dos seus compoñentes. Concepcións sobre o Sistema Solar ao longo da historia	Recoñece os compoñentes do Universo e do Sistema Solar, e describe as súas características xerais
Os planetas no Sistema Solar	Precisa as características que se dan no planeta Terra que permiten o desenvolvemento da vida nel, e que non se dan nos outros planetas.
O planeta Terra: características	Identifica a posición da Terra no Sistema Solar
Os movementos da Terra, da Lúa e do Sol, e as súas consecuencias.	Categoriza os fenómenos principais relacionados co movemento e a posición dos astros, e deduce a súa importancia para a vida. Interpreta correctamente en gráficos e esquemas fenómenos como as fases lunares e as eclipses, e establece a súa relación coa posición relativa da Terra, a Lúa e o Sol
A xeosfera: estrutura e composición da codia, o manto e o núcleo.	. Describe as características xerais dos materiais máis frecuentes nas zonas externas do planeta e xustifica a súa distribución en capas en función da súa densidade. Describe as características xerais da codia, o manto e o núcleo terrestre, e os materiais que os compoñen, e relaciona esas características coa súa situación
Minerais e rochas: propiedades, características e utilidades Xestión sustentable dos recursos minerais. Recursos minerais en Galicia	Identifica minerais e rochas utilizando criterios que permitan diferenciarlos Describe algunhas das aplicacións máis frecuentes dos minerais e das rochas no ámbito da vida cotiá. Recoñece a importancia do uso responsable e a xestión sustentable dos recursos minerais



<p>A atmosfera: composición e estrutura. O aire e os seus compoñentes. Efecto invernadoiro. Importancia da atmosfera para os seres vivos.</p>	<p>Recoñece a estrutura e a composición da atmosfera Recoñece a composición do aire e identifica os contaminantes principais en relación coa súa orixe. Identifica e xustifica con argumentacións sinxelas as causas que sustentan o papel protector da atmosfera para os seres vivos.</p>
<p>Contaminación atmosférica: repercusións e posibles solucións</p>	<p>Relaciona a contaminación ambiental coa deterioración ambiental, e propón accións e hábitos que contribúan á súa solución. Relaciona situacións en que a actividade humana interfere coa acción protectora da atmosfera</p>
<p>A hidrosfera. Propiedades da auga. Importancia da auga para os seres vivos.</p>	<p>Recoñece as propiedades anómalas da auga en relación coas súas consecuencias para o mantemento da vida na Terra.</p>
<ul style="list-style-type: none"> ▪ A auga na Terra. Auga doce e salgada. ▪ B2.15. Ciclo da auga. <p>B2.16. A auga como recurso</p>	<p>Describe o ciclo da auga en relación cos seus cambios de estado de agregación.</p>
<p>Xestión sustentable da auga</p>	<p>Comprende e identifica o significado da xestión sustentable da auga doce, e enumera medidas concretas que colaboren nesa xestión</p>
<p>Contaminación das augas doces e salgadas</p>	<p>Recoñece os problemas de contaminación de augas doces e salgadas, en relación coas actividades humanas</p>
<p>A biosfera. Características que fixeron da Terra un planeta habitable</p>	<p>Describe as características que posibilitaron o desenvolvemento da vida na Terra.</p>

CONTIDOS E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE ASOCIADOS. BLOQUE 3

Descrición do contido	Estándares de aprendizaxe
<p>Concepto de biodiversidade. Importancia da biodiversidade. Sistemas de clasificación dos seres vivos. Concepto de especie. Nomenclatura binomial. Reinos dos seres vivos: Moneras, Protoctistas, Fungi, Metafitas e Metazoos.</p>	<p>Estima a importancia da biodiversidade e aplica criterios de clasificación dos seres vivos, relacionando os animais e as plantas máis comúns co seu grupo taxonómico. Identifica e reconece exemplares característicos de cada un destes grupos, e salienta a súa importancia biolóxica. Discrimina as características xerais e singulares de cada grupo taxonómico</p>
<p>Invertebrados: poríferos, celentéreos, anélidos, moluscos, equinodermos e artrópodos. Características anatómicas e fisiolóxicas. Vertebrados: peixes, anfibios, réptiles, aves e mamíferos. Características anatómicas e fisiolóxicas.</p>	<p>Asocia invertebrados comúns co grupo taxonómico ao que pertencen. Reconece exemplares de vertebrados e asígnalos á clase á que pertencen.</p>
<p>Plantas: brións, feitos, ximnospermas e anxiospermas. Características principais, nutrición, relación e reprodución.</p>	<p>Detalla o proceso da nutrición autótrofa e relación coa súa importancia para o conxunto de todos os seres vivos. Describe as características xerais e singulares dos principais grupos de plantas</p>
<p>Clasificación de animais e plantas a partir de claves dicotómicas e outros medios.</p>	<p>Clasifica e identifica animais e plantas a partir de claves de identificación.</p>
<p>Identificación de plantas e animais propios dalgúns ecosistemas, especies en extinción e especies endémicas. Adaptacións dos animais e as plantas ao medio. Biodiversidade en Galicia.</p>	<p>Identifica exemplares de plantas e animais propios dalgúns ecosistemas ou de interese especial por seren especies en perigo de extinción ou endémicas Relaciona coa súa adaptación ao medio a presenza de determinadas estruturas nos animais e nas plantas máis comúns Identifica exemplares de plantas e animais propios dos ecosistemas galegos</p>



CONTIDOS E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE ASOCIADOS. BLOQUE 4

Descrición do contido	Estándares de aprendizaxe
Ecosistema: identificación dos seus compoñentes. Factores abióticos e bióticos nos ecosistemas. Ecosistemas acuáticos. Ecosistemas terrestres	Identifica os compoñentes dun ecosistema
Factores desencadeantes de desequilibrios nos ecosistemas. Estratexias para restablecer o equilibrio nos ecosistemas.	Recoñece e enumera os factores desencadeantes de desequilibrios nun ecosistema
Accións que favorecen a conservación ambiental	Selecciona accións que preveñen a destrución ambiental

CONTIDOS E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE ASOCIADOS. BLOQUE 4

Descrición do contido	Estándares de aprendizaxe
Método científico. Elaboración de hipóteses, e a súa comprobación e argumentación a partir da experimentación ou da observación	Integra e aplica as destrezas propias do método científico Utiliza argumentos que xustifiquen as hipóteses que propón
Artigo científico. Fontes de divulgación científica	Utiliza diferentes fontes de información, apoiándose nas TIC, para a elaboración e a presentación das súas investigacións.
Proxecto de investigación en equipo: organización. Participación e colaboración respectuosa no traballo individual e en equipo. Presentación de conclusións.	Participa, valora e respecta o traballo individual e en grupo Deseña pequenos traballos de investigación sobre animais e/ou plantas, os ecosistemas do seu contorno ou a alimentación e a nutrición humana, para a súa presentación e defensa na aula Expresa con precisión e coherencia as conclusións das súas investigacións, tanto verbalmente como por escrito.



CRITERIOS, ESTRATEXIAS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Faranse a lo menos dous exames por avaliación. As unidades quedan repartidas do seguinte modo (pode cambiar dependendo circunstancias):

1ª avaliación: unidades 1 a 4

2ª avaliación: unidades 5 a 8

3ª avaliación: unidades 9 a 12

A nota de cada avaliación corresponderá a:

Exame: 70%

Producións do alumnado: 20%

Observación sistemática: 10%.

O alumnado terá que superar o 30% de cada unha das partes para que faga media.

Para aprobar a avaliación a nota final dos contidos será dun 5.

Na nota das avaliacións non se fará redondeo.

A nota final de Xuño ven dada pola media das tres avaliacións, tendo en conta os decimais de cada avaliación e redondeando se fora necesario. No caso de ter que redondear a nota será como sigue: 0.7 ou máis ponse a nota inmediata superior enteira e menos de 0.7 mantense a nota.

No caso de non superar algunha avaliación, o/a alumno/a realizará unha proba oral ou escrita de recuperación que fará media coas notas das outras avaliacións que ten superadas e que puntuará sobre 10. Haberá unha recuperación por avaliación. En xuño haberá unha proba escrita para aqueles alumnos/as que aínda non superaran **só unha** das avaliacións na recuperación correspondente e que será puntuada de 1 ó 10. En setembro un exame global valorado de 1 ó 10.

Nos exames e traballos por escrito poderá descontarse 0'05 por falta de ortografía e 2 puntos por mala presentación (0'5 puntos por mala letra ou ilexible, 0'5 puntos por desorde, 0'5 puntos por tachóns, e 0'5 puntos por mala expresión).

Recuperación de pendent:

Consistirá nunha proba escrita, que se realizará en maio onde os/as alumnos/as poñan de relevo os seus coñecementos teóricos nas preguntas ou cuestións sobre os contidos mínimos da materia e que constitúe o 80 % da nota.

Actividades a desenvolver ó longo do curso escolar e que constituirá o 20 % da nota. O profesor entregará os/as alumnos/as unha serie de actividades para que as traballen ó longo do curso escolar, coa finalidade de levar un seguimento continuo deses alumnos /as. Unha vez realizadas, e no prazo establecido, deberán ser devoltas á profesora que as corrixe e aclarará as posibles dúbidas que poidan xurdir. Os prazos de entrega destas actividades son despois de Nadal e a volta de Semana Santa. Coa realización destas actividades o/a alumno/a pode conseguir ata 2 puntos (un punto en cada unha delas) que se sumarán a cualificación obtida no exame, sempre que as faga satisfactoriamente (0.8 puntos), teñan unha boa presentación (0.2 punto por actividade) e respecten os prazos establecidos para entregalas a súa profesora (fóra dese prazo non puntúa).

Haberá que acadar unha nota de 5 para aprobar a materia

PROMOCIÓN





METODOLOXÍA

Presencial

Presentacións en clase, preguntas e respostas, investigación guiadas e libres, lectura artigos científicos e de prensa, uso de E-Dixgal e correo electrónico, debates, outras actividades variadas e se a situación sanitaria o permite: prácticas de laboratorio, uso da aula de informática.

Usarase principalmente a aula clase e fomentarse o traballo en gran grupo e individual, quedando de lado o traballo por parellas e pequeno grupo debido á situación sanitaria.

Semipresencial

Seguirase a modalidade presencial para aquel grupo que asista a clase mentres que o grupo que permaneza na casa non participará de xeito simultáneo senón que terá a tarefa do día colgada na aula virtual para facer de xeito diferido. Cando os grupos cambien, poderanse solventar dúbidas e comentar os traballos co grupo que antes estaba na casa e viceversa.

A avaliación para esta modalidade será a mesma que para a presencial, aínda que o grupo enteiro poda non coincidir coas datas e horas das probas escritas. Nese caso farase unha proba lixeiramente distinta.

Non presencial

No caso de modalidade non presencial usaranse as seguintes ferramentas para facer o seguemento do alumnado:

- E-Dixgal
- Correo electrónico.
- Aplicación de videoconferencia, por defecto usarase CiscoWebEx, pero chegado o caso, poderá modificarse.

Dependendo da dispoñibilidade en liña do alumnado, da súas posibilidades de conexión a internet e tamén da das do profesor adaptarse o horario de aulas online.

Das catro horas semanais, adicarase como mínimo unha a titoría por videoconferencia para facer o seguemento do alumnado, non necesariamente no horario establecido polo centro, sempre que o alumnado se poña de acordo co profesor para acordar unha hora. O resto do traballo farase de forma telemática pero non necesariamente por videoconferencia simultánea, senón que se usarán as posibilidades das distintas ferramentas *online* para propoñer traballo de xeito asíncrono e axeitado ás posibilidades da situación concreta na que nos atopemos en cada momento.

En canto á avaliación nesta modalidade, manterase en xeral, agás no caso da proba escrita, que, de ser posible ser feita presencial farase presencial e, en caso de que non sexa posible, buscaranse xeitos de facela por escrito de maneira telemática, impondo unha hora de comezo e unha hora de fin ou, chegado o caso, se hai sospeitas da autoría da proba, mediante unha videoconferencia o chamada telefónica.

Modelo acorde ao artigo 21 do capítulo IV relativo a avaliacións, promoción e titulación DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.